

# Adaptación DA PROGRAMACIÓN Didáctica. CURSO 2019/2020

**CENTRO:** CPI ARMANDO COTARELO VALLEDOR  
**CURSO:** 1ºESO, 2ºESO, 3ºESO aplicadas, 4ºESO aplicadas  
**MATERIA:** Matemáticas  
**DEPARTAMENTO:** MATEMÁTICAS  
**DATA:** 110520

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

### **1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

**1.1. Matemáticas 1º ESO**

**1.3. Matemáticas 2º ESO**

**1.4. Matemáticas Aplicadas 3º ESO**

**1.5. Matemáticas Aplicadas 4º ESO**

### **2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

### **3. Avaliación e Cualificación.**

### **4. Información e publicidade.**

## 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

### 1.1. MATEMÁTICAS ACADÉMICAS 1º ESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>Bloque 3: Xeometría</b>	
B3.1. Recoñecer e describir figuras planas, os seus elementos e as súas propiedades características para clasificalas, identificar situacións, describir o contexto físico e abordar problemas da vida cotiá.	MAB3.1.1, MAB3.1.2, MAB3.1.3, MAB3.1.4
B3.2. Utilizar estratexias, ferramentas tecnolóxicas e técnicas simples da xeometría analítica plana para a resolución de problemas de perímetros, áreas e ángulos de figuras planas, utilizando a linguaxe matemática axeitada, e expresar o procedemento seguido na resolución.	MAB3.2.1, MAB3.2.2
<b>Bloque 5: Estatística e Probabilidade</b>	
B5.1. Formular preguntas axeitadas para coñecer as características de interese dunha poboación e recoller, organizar e presentar datos relevantes para respondelas, utilizando os métodos estatísticos apropiados e as ferramentas adecuadas, organizando os datos en táboas e construíndo gráficas, calculando os parámetros relevantes e obtendo conclusións razoables a partir dos resultados obtidos.	MAB5.1.1, MAB5.1.2, MAB5.1.3, MAB5.1.4, MAB5.1.5

## 1.2. MATEMÁTICAS ACADÉMICAS 2º ESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>Bloque 4: Funcións</b>	
B4.1. Manexar as formas de presentar unha función (linguaxe habitual, táboa numérica, gráfica e ecuación), pasando dunhas formas a outras e elixindo a mellor delas en función do contexto. B4.2. Comprender o concepto de función, e recoñecer, interpretar e analizar as gráficas funcionais.	MAB4.1.1
B4.2. Comprender o concepto de función, e recoñecer, interpretar e analizar as gráficas funcionais.	MAB4.2.2
B4.3. Recoñecer, representar e analizar as funcións lineais, e utilízalas para resolver problemas.	MAB4.3.1, MAB4.3.2
<b>Bloque 3: Xeometría</b>	
B3.1. Recoñecer o significado aritmético do teorema de Pitágoras (cadrados de números e ternas pitagóricas) e o significado xeométrico (áreas de cadrados construídos sobre os lados), e empregalo para resolver problemas xeométricos.	MAB3.1.1, MAB3.1.2
B3.3. Analizar corpos xeométricos (cubos, ortoedros, prismas, pirámides, cilindros, conos e esferas) e identificar os seus elementos característicos (vértices, arestas, caras, desenvolvementos planos, seccións ao cortar con planos, corpos obtidos mediante seccións, simetrías, etc.).	MAB3.3.1, MAB3.3.3
B3.4. Resolver problemas que leven consigo o cálculo de lonxitudes, superficies e volumes do mundo físico, utilizando propiedades, regularidades e relacións dos poliedros.	MAB3.4.1
<b>Bloque 5: Estatística e probabilidade</b>	
B5.1. Formular preguntas axeitadas para coñecer as características de interese dunha poboación e recoller, organizar e presentar datos relevantes para respondelas, utilizando os métodos estatísticos apropiados e as ferramentas axeitadas, organizando os datos en táboas e construíndo gráficas, calculando os parámetros relevantes, e obtendo conclusións razoables a partir dos resultados obtidos.	MAB5.1.1, MAB5.1.2

### 1.3. MATEMÁTICAS APLICADAS 3º ESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>Bloque 3: Xeometría</b>	
B3.1. Recoñecer e describir os elementos e as propiedades características das figuras planas, os corpos xeométricos elementais e as súas configuracións xeométricas.	MAPB3.1.1, MAPB3.1.2, MAPB3.1.3, MAPB3.1.4, MAPB3.1.5
<b>Bloque 5: Estatística e probabilidade</b>	
B5.1. Elaborar informacións estatísticas para describir un conxunto de datos mediante táboas e gráficas adecuadas á situación analizada, e xustificar se as conclusións son representativas para a poboación estudada.	MAPB5.1.1, MAPB5.1.3, MAPB5.1.4, MAPB5.1.5
B5.2. Calcular e interpretar os parámetros de posición e de dispersión dunha variable estatística para resumir os datos e comparar distribucións estatísticas.	MAPB5.2.1, MAPB5.2.2

#### 1.4. MATEMÁTICAS APLICADAS 4º ESO

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<b>Bloque 3: Xeometría</b>	
B3.1. Calcular magnitudes efectuando medidas directas e indirectas a partir de situacións reais, empregando os instrumentos, as técnicas ou as fórmulas máis adecuados, e aplicando a unidade de medida máis acorde coa situación descrita.	MAPB3.1.1, MAPB3.1.3, MAPB3.1.4, MAPB3.2.1
<b>Bloque 5: Estatística e probabilidade</b>	
B5.1. Utilizar o vocabulario axeitado para a descrición de situacións relacionadas co azar e a estatística, analizando e interpretando informacións que aparecen nos medios de comunicación e fontes públicas oficiais (IGE, INE, etc.).	MAPB5.1.3
B5.2. Elaborar e interpretar táboas e gráficos estatísticos, así como os parámetros estatísticos máis usuais, en distribucións unidimensionais, utilizando os medios máis axeitados (lapis e papel, calculadora, folla de cálculo), valorando cualitativamente a representatividade das mostras utilizadas.	MAPB5.2.1, MAPB5.2.2, MAPB5.2.3, MAPB5.2.4
B5.3. Calcular probabilidades simples e compostas para resolver problemas da vida cotiá, utilizando a regra de Laplace en combinación con técnicas de reconto como os diagramas de árbore e as táboas de continxencia.	MAPB5.3.1, MAPB5.3.2

## 2. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e ampliación)

Deseñaranse tres tipos de tarefas:

- 1.- Tarefas de repaso, reforzo e recuperación da 1ª avaliación.
- 2.- Tarefas de repaso, reforzo e recuperación da 2ª avaliación.
- 3.- Tarefas de ampliación e profundización do traballado para a mellora da calificación final.

As tarefas do punto 1 son de carácter obrigatorio para o alumnado coa 1º avaliación suspensa .

As tarefas do punto 2 son de carácter obrigatorio para o alumnado coa 2ª avaliación suspensa.

As tarefas do punto 3 son abertas a todo o alumnado.

Para o alumnado con avaliacións suspensas, a recuperación destas debe ser o obxectivo prioritario.

As tarefas de repaso, reforzo e recuperación versarán sobre contidos considerados mínimos polo departamento para acadar as competencias e os estándares de aprendizaxe mínimos do primeiro e segundo trimestre.

As tarefas subiranse ao Google Drive semanalmente e os alumnos deberán entregalas nos prazos estipulados.

### 3. Avaliación e cualificación

#### **Cálculo da nota final do curso:**

A nota media de final de curso obterase calculando a nota media das dúas primeiras avaliacións; considérase aprobado se o resultado do cálculo é igual ou superior a 5.

Esta nota poderá verse aumentada ata un 10% coa entrega das tarefas de ampliación e profundización propostas.

En calquera intre deste período poderanse utilizar, ademais das tarefas, outros instrumentos de avaliación adaptados ás circunstancias (cuestionario ou probas na aula virtual, videoconferencias en pequeno grupo ou individuais, ...) para valorar o grao de desenvolvemento acadado polo alumnado, das tarefas de Ampliación e profundización.

#### **Recuperación de avaliacións suspensas:**

Para recuperar as avaliacións suspensas, o alumnado debe entregar semanalmente todas as tarefas solicitadas das avaliacións que ten suspensas. As respostas das tarefas, por parte do alumnado terán que ser claras e ben feitas, en relación aos criterios de cualificación. O alumnado debe entregar todas as tarefas de reforzo, repaso e recuperación e obter unha cualificación mínima de 4 puntos en cada unha delas. Ditas entregas darán unha puntuación como máximo de 5 puntos.

En calquera intre deste período poderanse utilizar, ademais das tarefas, outros instrumentos de avaliación adaptados ás circunstancias (cuestionario ou probas na aula virtual, videoconferencias en pequeno grupo ou individuais, ...) para valorar o grao de desenvolvemento do programa de recuperación acadado polo alumno. A información obtida determinaría a nota da avaliación suspensa.



<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Plataforma Google Drive. Correo electrónico. Teléfono. Páxina web do centro. Aula virtual do centro.
<b>Publicidade</b>	Publicación na páxina web do centro.